

Diagnose da protección social en España no marco da Estratexia Europa 2020¹

*Diagnosis of Social Protection in Spain
within the Framework of the Europe 2020 Strategy*

LAURA VARELA-CANDAMIO

Profesora do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas,
Grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento (C+D), Facultade de Economía e Empresa, da
Universidade da Coruña (UDC) (campus da Coruña). Economista e doutora pola Universidade da Coruña
<laura.varela.candamio@udc.es>

ISABEL NOVO-CORTI

Catedrática de escola universitaria do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas,
Economic Development and Social Sustainability (EDaSS) Research Unit, Facultade de Economía de
Empresa, da Universidade da Coruña (UDC) (campus da Coruña). Economista e doutora pola
Universidade da Coruña
<isabel.novo.corti@udc.es>

SARA ÁVILA LÓPEZ

Diplomada en Educación Social e mestrada en Xestión e Políticas
Públicas pola Universidade da Coruña
<saraavila4@gmail.com>

Recibido: 30/06/2014

Aceptado: 30/07/2014

¹ Este artigo ten a súa base no traballo de fin de mestrado que Sara Ávila López presentou para a obtención do título de mestrada en Xestión e Políticas Públicas pola Universidade da Coruña, co título de «Diagnose da protección social en España no marco da Estratexia Europa 2020». O devandito traballo foi codirixido polas profesoras Isabel Novo Corti e Laura Varela Candamio.

Resumo

O obxectivo quinto da Estratexia Europa 2020, relativo á loita contra a pobreza e a exclusión social, constitúe un dos seus piares fundamentais. Neste marco, o traballo que agora se presenta realiza un diagnóstico da pobreza e a protección social en España tras a recente crise económica, cunha metodoloxía que combina a análise descritiva con modelos econométricos –regresións lineais medidas por MCO– tendo en conta a evolución da economía e do mercado laboral; ademais, complementábase coa medición da pobreza a través do emprego e a desigualdade no contexto europeo.

Os resultados indican que o empeoramento da situación económica e do emprego influíu negativamente nas taxas de pobreza, tanto en España como en Europa. No caso de España, de por parte, o aumento do gasto en protección social non foi suficiente para cubrir os altos índices de desemprego causados pola crise, o que motivou un aumento da pobreza intimamente relacionado co ciclo económico. Por tanto, podemos predicir que o obxectivo quinto da Estratexia Europa 2020, seguindo coa tendencia actual, non vai acadarse.

Palabras chave: protección social, pobreza, desigualdade, Estratexia Europa 2020.

Abstract

Among the key objectives of the Europe 2020 Strategy, the fight against poverty and social exclusion (goal five) has become a mainstay. In this context, our work makes a diagnosis of poverty and social protection in Spain following the recent economic crisis. The methodology combines the descriptive analysis with econometric models via OLS linear regressions measures. Our research focuses on the Spanish case where the analysis of poverty and social protection is discussed in the light of developments in the economy and labour market. In addition, this work is complemented by measuring poverty through employment and inequality in the European context.

The results indicate that the worsening economic and employment situation has impacted negatively on poverty rates for both Spain and Europe. In the case of Spain, the increased spending on social protection has not been enough to cover the high unemployment caused by the crisis. This has led to increased poverty closely linked to the economic cycle. Therefore, we predict that the target five of the E2020 Strategy, following the current trend, it will not come to pass.

Keywords: Social protection, Poverty, Inequality, European Strategy 2020, Social exclusion.

1. Introducción

Antes da chegada da crise, Europa e os Estados Unidos encontrábanse nun momento de «economía idealizada», en que parecía que os ciclos do capitalismo terminaran e que xa só cabía agardar a prosperidade; porén, os tempos de bonanza remataron e chegaron a desaceleración económica e a crise de 2007, con cambios importantes no estado de benestar dos denominados países desenvolvidos, entre os cales se atopa España. Esta situación afectou aos gobernos, que se viron obrigados a endebedarse para poder paliar as súas situacións financeiras; e, en consecuencia, á cidadanía, que viu como se recortaban os seus dereitos sociais, como o paro devastaba os seus fogares e como o seu nivel de vida xa non podía manterse. Ademais, moitas empresas víronse obrigadas a pechar polo baixo nivel de consumo da poboación.

Durante este período, en España o Goberno foi implementando distintas políticas co fin de atenuar o impacto da situación. En 2004 o Estado atopábase nunha situación de superávit, polo que ante os primeiros síntomas de crise o gasto público aumentou, nunha tentativa de que a economía continuase mellorando (Plan E) e de evitar a caída do consumo (subsidio de 400 € para as persoas desempregadas sen dereito ao paro); pensábase daquela que estes síntomas eran algo pasaxeiro e non se cría que se puidese entrar nunha depresión económica. Chegado o 2010, non obstante, todo cambiara, pois a situación da economía non se sostiña e o Estado contaba cun elevado déficit público.

Premido polos mercados financeiros, que non confiaban na solvencia española, e por algúns países como Alemaña, Francia ou os Estados Unidos, o Goberno mudou a súa política cara á austeridade e executou importantes recortes no gasto público, os cales comportaron importantes diminucións do gasto en sanidade, en educación, nas xubilacións e en investimento público; a baixada dos salarios públicos; a conxelación das pensións; o establecemento de plans de aforro para as comunidades autónomas e os concellos; e a redución da axuda social ao desenvolvemento (esencial para atinxir os Obxectivos de desenvolvemento do milenio). Por outra banda, tomáronse medidas para aumentar os ingresos públicos, relacionadas, sobre todo, con subas de impostos: aumentáronse o IVE e os tipos impositivos do IRPF (impostos que recaen sobre a cidadanía). Así, España converteuse no país da OCDE que máis presión fiscal exerceu sobre as familias, tal e como reflicte un informe de Intermón Oxfam (2012, p. 35): «A maior carga fiscal en España está soportada polos cidadáns, como consumidores e como traballadores. O IVE e o IRPF representan o 87% do total dos ingresos fiscais».

Nesa altura, segundo o Consello Europeo, en España a conxuntura do mercado laboral, sumada á ineficacia dos sistemas de protección social, xa provocara un

aumento da pobreza e da exclusión social por enriba da media da UE, especialmente no caso dos nenos e os mozos. Ademais, no noso país rexistrouse unha das maiores caídas da renda familiar dispoñible e dos índices de desigualdade (Comisión Europea 2011).

No mesmo ano 2010, a Unión Europea (UE) decidiu que debía considerarse un cambio nas súas estratexias, xa que os países membros debían loitar unidos e baixo un mesmo marco de referencia non só para saíren da crise individualmente, senón tamén para que a UE acabase reforzada en conxunto e convertida nunha gran potencia económica e social. Así, tras o fracaso da Estratexia de Lisboa pola falta de compromiso político e coordinación dos estados membros (Fonseca, 2010), naceu a denominada Estratexia Europa 2020. Este plan da UE para emerxer fortalecida da crise económica dos últimos anos materialízase en cinco áreas cuxos obxectivos deberían atinxirse ao longo da seguinte década: emprego; investigación e desenvolvemento (I + D); cambio climático e sustentabilidade enerxética; educación; e loita contra a pobreza e a exclusión social (Comisión Europea, 2014a).

Cabe preguntarse agora o motivo de centrarse na pobreza e a exclusión social, por que é importante a protección social na citada estratexia. A resposta está en que o impacto da crise económica sobre o denominado estado de benestar levou a que os estratos sociais nunha situación de desprotección sexan cada vez maiores; e, asemade, en que estes grupos están desprotexidos non xa pola privación económica, mais tamén debido a outras circunstancias que adoitan acompañala, como unha baixa formación, a falta de redes de apoio ou as dificultades de acceso ao mercado laboral. Cómpre termos en conta que todos estes factores están interrelacionados, de maneira que nos atopamos diante do peixe que morde o rabo.

De acordo con Subirats (2004) as transformacións tanto económicas como sociais que influíron no desenvolvemento dos conceptos de pobreza, desigualdade e exclusión social poden reunirse en tres grupos. O primeiro está relacionado coa fragmentación da sociedade: o aumento da inmigración, que trae consigo o acrecentamento da diversidade étnica e cultural; o avellentamento da poboación e as novas estruturas familiares, que reclaman novas formas políticas para lles dar solución aos novos problemas de integración social que se xeran na sociedade. O segundo é aquel concernente ao impacto da nova economía postindustrial: o novo modelo económico, baseado máis no coñecemento e a información e xa non tanto na produción mercantil, xera a aparición de novos colectivos aos cales lles custa introducirse no mercado de traballo. Por último, o terceiro ten a ver coa flexibilidade nos procesos de produción: existe unha destrución do emprego estable e nace un novo emprego precario e de peor calidade.

Os cambios vividos polo noso país co estalido da crise en 2007, tanto no económico como no social, comportaron que se creasen novos espazos de exclusión e vulnerabilidade social; é dicir, nestes anos España viu como a súa taxa de pobreza se elevaba de forma alarmante. Ao tempo, cando a situación económica precisaba da protección social do Estado, o Goberno seguiu unhas políticas de austeridade e de contención do gasto. Por este motivo, urxe darlles solución, entre outros, aos problemas derivados da crise e relacionados co emprego, a protección social e a pobreza, pois son factores interconectados que afectan aos niveis de desigualdade e de exclusión social (Fresno García, 2011).

Ante este panorama actual, o noso artigo persegue analizar distintos indicadores vinculados cos factores mencionados para atender ás relacións e dependencias entre uns e outros, e, así, obter algunhas conclusións interesantes no tocante a acadar con éxito o obxectivo da loita contra a pobreza previsto na Estratexia Europa 2020. Estamos na mesma situación que os nosos veciños europeos? É a falta de emprego a causa do aumento da pobreza? E da desigualdade? A estrutura do traballo é a seguinte: na sección 2 defínese a pobreza e outros aspectos intimamente vinculados con ela, para alén de se describir o impacto da crise económica no contorno social español; na sección 3 preséntase a análise econométrica como metodoloxía empregada, así como as fontes e datos utilizados no noso estudo, e móstrase os resultados obtidos; por último, na sección 4 coméntanse as principais contribucións do traballo e resúmense as conclusións finais.

2. Pobreza e crise do estado de benestar en España

A pobreza é un fenómeno complexo e, xa que logo, a súa definición non é unívoca. De acordo con Sen (1992), podemos definir a pobreza como a situación en que se atopan aquelas persoas que non poden acceder a determinados bens e servizos básicos; trátase dunha privación que debe medirse tanto en termos absolutos (privación das necesidades básicas) como en termos relativos (privación dunha calidade de vida digna). Desde o punto de vista social, segundo o Consello Europeo áchanse en situación de pobreza todas aquelas persoas, familias ou grupos cuxos recursos son tan limitados que os fan quedar excluídos do modo de vida mínimo aceptable no estado membro da UE en que habitan (citado en VV. AA., 2014, p. 8).

A desigualdade social e a pobreza veñen sendo estudadas en paralelo (Wilkinson e Pickett, 2009) relacionando pobreza e baixos niveis de ingresos e tomando como indicador habitual a renda (Subirats, 2004). No entanto, arestora a pobreza xa non vai unicamente asociada ás desigualdades económicas, senón que estas se observan

nas distintas áreas da vida como a social, a cultural¹. Así, outro concepto que se liga coa pobreza e a desigualdade é o de exclusión social. Con todo, tal e como sinala o Consello Económico e Social (CES, 1996), a noción de exclusión social é máis ampla que a de pobreza, aínda que englobe as súas causas e os seus efectos, ao incluír «o carácter multidimensional dos mecanismos polos que as persoas e grupos se ven excluídos da participación nos intercambios, prácticas e dereitos sociais que constitúen a integración social». A idea chave do concepto de exclusión é, de feito, a falta de participación no conxunto da sociedade. Segundo a Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e de Traballo, a exclusión defínese como «o proceso a través do cal os individuos e os grupos están completa ou parcialmente excluídos dunha plena participación na sociedade en que viven» (citado en Vélaz de Medrano, 2002).

Unha definición de exclusión máis completa sería a seguinte: «proceso de apartamento dos ámbitos sociais propios da comunidade en que se vive, como unha perda de autonomía para conseguir os recursos necesarios para vivir, integrarse e participar na sociedade de que [as persoas que se ven excluídas] forman parte» (Velaz de Medrano, 2002, p. 23). Así, son criterios de exclusión social os elementos do proceso de interacción da persoa co seu contorno de forma multifactorial e acumulativa, que se expresan baixo características específicas.

Coa chegada da crise, unha nova variable revelouuse como definidora da pobreza: o emprego. Ante a baixa dispoñibilidade de postos de traballo e o aumento do emprego precario (xornadas a tempo parcial, traballos de duración determinada, contratos de obra, abaratamento do despedimento), as familias víronse obrigadas a gastar os seus aforros. Neste contexto aparece ademais a figura do/a traballador/a pobre, isto é, das persoas que, aínda que dispoñendo dun traballo remunerado, contan cuns ingresos por debaixo do que marca o limiar da pobreza relativa (VV. AA., 2014, p. 35). Isto súmase á precaria situación das case seis millóns de persoas paradas que hai en España na actualidade, o que deixa unha taxa de paro do 25,93%. Sen aforros e cuns gastos elevados, a satisfacción das necesidades básicas (capacidade económica, acceso á vivenda, acceso aos servizos sanitarios, acceso á educación) reduciuse enormemente. Segundo os datos da Enquisa de condicións de vida do Instituto Nacional de Estatística para o ano 2013, un 40% dos fogares españois non pode afrontar os gastos imprevistos e un 21,8% ten dificultades para chegar a fin de mes.

¹ Factores como a idade, o xénero, o grupo étnico, a clase social ou a relixión inflúen no proceso de empobrecemento. Outros factores que repercuten no proceso de empobrecemento nos ámbitos persoal e familiar son as estratexias educativas, as capacidades e os episodios persoais.

Estas situacións de privación producen efectos secundarios como o estrés, a conflictividade, o baixo rendemento escolar, a mala saúde ou o atraso no crecemento

A crise non só afectou á economía, senón que supuxo tamén un cambio para toda a sociedade, pois modelo de benestar a que estabamos acostumados esgazouse, agravando a situación económica de moitas familias que xa se viran arrastradas pola crise. Así, a pobreza e a precariedade aumentaron, ao igual que os índices de paro, que chegaron a porcentaxes impensables antes da crise. O aumento da pobreza no noso país, de feito, foi un fenómeno moi veloz: os datos indican que no período 2007-2012 a taxa de pobreza pasou do 19,7% ao 22,2%, é dicir, medrou en máis dun millón duascenas mil persoas. A destrución da clase media foi unha das consecuencias desta crise, de forma que se fixo máis grande a fenda entre ricos e pobres (Fernández García, 2012). Ademais, un 27,2% dos menores de 18 anos está en situación de risco de pobreza e exclusión social (VV. AA., 2014, p. 28).

Neste contexto, o apoio institucional é determinante á hora de buscar definir as causas da exclusión social identificando todas as circunstancias que definen a realidade excluínte que se dá a pesar do desenvolvemento dun país (VV. AA., 2014). En particular, a educación pública –maioritaria no caso de España– ten unha relevante función na loita contra a pobreza e a exclusión social, pois produce un acercamento ás oportunidades de mellora da situación social e evita futuros riscos, por ser un importante factor de empregabilidade. A redución das bolsas, o aumento das taxas, as limitacións nas razóns profesorado/alumnado e a falta de atención específica aos alumnos con necesidades educativas especiais producen unha educación de peor calidade e acrecentan a desigualdade no acceso ao sistema educativo, o que entrañará posteriores desigualdades entre os mozos á hora de entraren no mercado laboral e tamén no status social que se lles conceder.

Nunha situación en que a poboación ten dificultades para cubrir as súas necesidades básicas, en que o emprego e a educación perden o seu poder redistributivo, a necesidade dun estado que cubra as insuficiencias do mercado faise máis evidente. Porén, se nos primeiros anos da crise o gasto social aumentaba ao ritmo dos anos previos, en 2010 a tendencia comeza a mudar. A pesar de que España posúe unha das peores taxas de paro de Europa, o sistema de prestacións pasou de cubrir o 80% das persoas desempregadas en 2010 a atender tan só un 66% en 2012 (Fundación FOESSA/Cáritas, 2013), e isto malia a evolución do gasto social ter un marcado compoñente cíclico condicionado fundamentalmente polo crecemento das prestacións por desemprego.

Así, os problemas para facer efectivos os obxectivos sinalados pola Estratexia Europa 2020 relaciónanse cos limitados efectos redistributivos da asistencia e as prestacións sociais, xunto coa descoordinación entre os servizos sociais e os de emprego; pode dicirse que non existe fluidez no noso país entre a asistencia social e a reincorporación ao mercado laboral (Fresno García, 2011).

3. A análise da pobreza en Europa e España: metodoloxía e discusión de resultados

Co obxectivo de analizarmos os principais indicadores da pobreza en España e comparalos co contorno europeo levouse a cabo un estudo econométrico. Os datos foron recollidos fundamentalmente de Eurostat e do Instituto Nacional de Estatística (INE) para o ano 2012, a data máis recente para a que existían datos dispoñibles. No caso do INE, empregamos sobre todo a Enquisa de condicións de vida (ECV), operación estatística anual dirixida a fogares e harmonizada para todos os países da UE. Por outra parte, para estudarmos a relación entre as variables servímonos da análise de regresión lineal por mínimos cadrados ordinarios (MCO).

A ECV, elaborada mediante entrevistas aos fogares colaboradores durante catro anos seguidos, proporciona información lonxitudinal con datos de panel. Está deseñada para obter información sobre os ingresos dos fogares privados (referida ao ano anterior ao da enquisa) e, en xeral, sobre a súa situación económica, así como para permitir as comparacións con outros países da UE². Entre as súas utilidades, salienta por constituir un elemento de referencia para o seguimento do Plan nacional de acción para a inclusión social (Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, 2013).

Para a análise no ámbito europeo, decidiuse estudar a relación entre a pobreza, o emprego e a desigualdade (Wilkinson e Pickett, 2009). O obxectivo quinto da Estratexia Europa 2020, centrado en reducir en vinte millóns de persoas a poboación en risco de pobreza e exclusión social, fai interesante traballar sobre estas variables.

Cómpre lembrarmos aquí o primordial papel do emprego como fonte de igualdade, relación e status social para as persoas. A súa carencia pode xerar exclusión social e estados anímicos negativos como a depresión ou o estres; ademais, é innegable a súa influencia sobre a renda media da cidadanía, pois a falta de emprego diminúea e achéganos máis ao limiar da pobreza. Por outra banda, parece importante tratar o

² A ECV é unha estatística harmonizada das do Regulamento (CE) n.º 1177/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xuño de 2003, relativo ás estatísticas comunitarias sobre a renda e as condicións de vida.

tema da desigualdade. Primeiro, porque tanto a pobreza como a desigualdade manteñen unha relación estreita, en tanto que a desigualdade existe cando hai diferenzas entre os individuos, e aqueles individuos en risco de pobreza diferéncianse do resto da poboación polo seu nivel de renda. Segundo, porque a Estratexia Europa 2020 non fala de forma directa desta variable, aínda que un dos seus piares é o crecemento integrador, que se basea no aumento da participación no mercado de traballo, a adquisición de cualificacións e a loita contra a pobreza.

3.1. A pobreza en Europa

Esta subsección estuda a relación existente entre a pobreza, o emprego e a desigualdade social en Europa. De acordo cos presupostos teóricos, a falta de emprego traería consigo un aumento da pobreza e da desigualdade, a consecuencia do cal a pobreza aumentaría de forma paralela.

Como variable dependente eliximos o indicador correspondente ás persoas en risco de pobreza tras as transferencias sociais, que comprende as persoas cunha renda dispoñible equivalente por debaixo do limiar de risco de pobreza (fixado no 60% da renda mediana nacional equivalente dispoñible) logo de cobrar as transferencias sociais. Este é o primeiro indicador de Eurostat para medir o obxectivo cinco da Estratexia Europa 2020, polo que parece a variable máis axeitada, pois resta a axuda do estado e mide directamente as persoas en risco unha vez contadas xa todas as súas fontes de ingresos.

Como variables independentes seleccionáronse a duración da vida laboral, para estudar o emprego, dun lado; e, do outro, o índice de Gini, para investigar a desigualdade. O indicador sobre a duración da vida laboral mide o número de anos que se espera que unha persoa con quince anos de idade permaneza activa no mercado laboral. Calcúlase cun modelo probabilístico que combina os datos demográficos (táboas de vida dispoñibles en Eurostat para calcular as funcións de supervivencia) e os datos do mercado de traballo (taxa de actividade da enquisa de poboación activa).

Nun contexto en que se debate sobre a ampliación da idade de xubilación, o paro e a dificultade de acceso dos mozos ao mercado laboral, parece interesante medir a duración da vida laboral, dado que os factores anteriores inflúen sobre ela; ademais, é un indicador do emprego máis estable no tempo que as taxas de paro. Canto á segunda variable, o índice de Gini, defínese como a relación entre as accións acumulativas da poboación distribuídas segundo o nivel de renda equivalente dispoñible, e a participación acumulada da renda equivalente dispoñible total que é recibida. É o indicador por excelencia de nivel mundial para medir a desigualdade.

Por este motivo, o modelo proposto ten a seguinte especificación contemplada para o ano 2012:

$$Y_t = \beta_0 + \beta_1 X_{1t} + \beta_2 X_{2t} + \varepsilon \quad (1)$$

En que Y son as persoas en risco de pobreza e exclusión social tras as transferencias sociais; X_1 é a duración da vida laboral; e X_2 é o índice de Gini.

De forma que poderíamos reescribila, dada unha serie de corte transversal para o ano 2012, así:

$$P = \beta_0 + \beta_1 E + \beta_2 D + \varepsilon$$

Onde P é a pobreza; E é o emprego; e D é a desigualdade.

Cunha regresión lineal estimada por MCO, os resultados obtidos son os seguintes:

$$Y = 6,075 - 0,36 E + 0,76 D \quad (3)$$

Coeficientes	Coeficientes non estandarizados		T	Sig.
	B	Error típ.		
(Constante)	6,075	5,089	1,194	0,243
Duración da vida laboral 2012	-0,360	0,100	-3,613	0,001
Índice de Gini 2012	0,766	0,090	8,475	0,000

Táboa 1. Análise da pobreza en Europa.

A través desta regresión encontramos que as variables dependentes (duración da vida laboral e índice de Gini) explican un 82,3% (R cadrado 0,823) da porcentaxe de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social tras as transferencias sociais. Estas variables son relevantes cun nivel de significación menor de 0,0001.

Á vista dos resultados obtidos podemos dicir que no contexto europeo cantos máis anos de vida laboral activa teña a poboación, menor é o seu risco de pobreza, pois a variable de duración da vida laboral dáunos un signo negativo na análise de regresión. O aumento nunha unidade dos anos de traballo fai que a porcentaxe do risco de pobreza diminúa en 0,36. Por outra banda, a desigualdade e a pobreza correlaciónanse positivamente, e tamén de forma máis forte: por cada punto de aumento da desigualdade, a pobreza increméntase en 0,766 puntos.

3.2. A pobreza e a protección social en España

No ámbito nacional, dada a situación económica presente e a influencia que exerceu sobre a nosa concepción do estado de benestar, consideramos interesante estudar a relación entre a pobreza e a produción (indicativa da situación macroeconómica), pois adoito uns índices baixos de produción aparecen vinculados con altas taxas de pobreza.

Para medirmos estes factores, eliximos como variable dependente o indicador relativo ás persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social, que corresponde á suma das persoas que están en risco de pobreza, cunha privación material severa; máis as que viven en fogares con moi baixa intensidade de traballo e unha renda dispoñible equivalente por debaixo do limiar de risco de pobreza. O PIB per cápita será o indicador que empregamos como variable independente. Defínese como o valor de todos os bens e servizos producidos por un país, menos o valor dos bens e servizos utilizados na súa creación. Empregamos o índice de volume do PIB por habitante en estándares de poder adquisitivo (PPS), expresado con relación á media da UE28 (que toma o valor 100).

O modelo proposto para contrastar é o seguinte para o ano 2012:

$$Y_t = \beta_0 + \beta_1 X_{1t} + \varepsilon \quad (4)$$

En que Y son as persoas en risco de pobreza e exclusión social; e X_1 é o PIB per cápita.

Cos nosos datos, podemos reescribir a expresión así:

$$P = \beta_0 + \beta_1 E + \varepsilon \quad (5)$$

Onde P é a pobreza; e E é o PIB per cápita.

Por outra banda, como xa mencionamos, coa crise do estado de benestar producíronse cambios na protección social. Esta protección é un fondo de garantía para moitas familias que non poden facer fronte ás súas necesidades, xa que coa persistencia da crise o nivel de aforros, apoios e prestacións foi diminuindo (VV. AA., 2014). Por esta razón, resulta interesante relacionar a protección social coa situación actual da cidadanía. Así, ante situacións críticas para a cidadanía como as baixadas ou estancamentos nos salarios e o aumento do paro, o gasto do Estado español en protección social debería ser maior. A variable dependente que consideraremos agora é, xa que logo, o gasto en protección social por habitante. Este indicador contén os beneficios sociais (transferencias en efectivo ou especie aos fogares e particulares

para reducir a carga dun conxunto definido de riscos ou necesidades); os custos de administración (custos imputados ao réxime para a súa xestión e administración) e outros gastos (gastos diversos dos réximes de protección social como pago de rendas da propiedade e outros).

Para medir a situación da cidadanía na conxuntura actual seleccionáronse dous indicadores relacionados co mercado laboral: o salario mínimo interprofesional (SMI) e o paro rexistrado. O SMI fixa a cantidade retributiva mínima que percibirá cada traballador/a pola xornada legal de traballo, sen distinción de sexo ou idade, sexa fixo/a, eventual ou temporal. O valor que toma o SMI é fixado cada ano polo Goberno mediante un real decreto, e para a súa determinación téñense en conta factores como o IPC, a produtividade media nacional acadada ou o incremento da participación do traballo na renda nacional. Escolleuse este indicador porque hoxe en día ter un traballo non significa estar exento/a de situacións de privación e, por tanto, tampouco significa non necesitar a protección do Estado. A segunda variable, o paro rexistrado, mide o número total en volume de parados no noso país.

Os datos para estas dúas variables recóllense no INE nas estatísticas do mercado laboral sobre paro rexistrado do *Anuario de Estadísticas Laborales* e do *Boletín de Estadísticas Laborales* (Ministerio de Emprego e Seguridade Social). Dentro do movemento laboral rexistrado preséntase información separada de demandas de emprego, contratos rexistrados, traballadores afiliados á Seguridade Social e autorizacións de traballo a persoas estranxeiras.

Así, a ecuación para testar sería a seguinte:

$$Y_t = \beta_0 + \beta_1 X_{1t} + \beta_2 X_{2t} + \varepsilon \quad (6)$$

En que Y é o gasto en protección social por habitante; X₁ é o salario mínimo interprofesional; e X₂ é o paro rexistrado.

Reescrita segundo os nosos datos para o ano 2012 queda como:

$$P = \beta_0 + \beta_1 S + \beta_2 D + \varepsilon \quad (7)$$

Onde P é a protección social; S son os salarios; e D é o desemprego.

Para o caso concreto do noso país, existen daquela dúas relacións: por unha banda, a correlación existente entre a pobreza e a economía do país medida a través do PIB per cápita; e, pola outra, o vínculo entre o gasto en protección social, o salario mínimo e

o paro. Utilizando a mesma metodoloxía que para o caso europeo de MCO, os resultados son os que se presentan a continuación.

Na relación entre a pobreza e o PIB per cápita, temos a seguinte ecuación:

$$Y = 70,705 - 449 E \quad (8)$$

Coeficientes ^a	Coeficientes non estandarizados			T	Sig.
	Coeficientes tipificados		Beta		
	B	Error típ.			
(Constante)	70,705	5,485		12,890	,000
PIB per capita	-,449	,054	-,959	-8,336	,000

Táboa 2. Análise da pobreza en España.

Con esta regresión, o PIB per cápita explica o 92,1% (R cadrado 0,921) da pobreza, cun nivel de significación menor do 0,001. Á vista dos resultados, podemos dicir que, en España, canto menor é o PIB, maior é o risco de pobreza e exclusión social, xa que o signo desta última variable é negativo. Entón, por cada punto de aumento do PIB a pobreza diminúe contra 0,45 puntos.

Por último, na relación entre os salarios e o paro na protección social en España, os resultados son estes:

$$Y = 1.801,396 - 4,15 S + 0,184 D \quad (9)$$

Coeficientes ^a	Coeficientes non estandarizados			T	Sig.
	Coeficientes tipificados		Beta		
	B	Error típ.			
(Constante)	1801,396	456,730		3,944	,011
Salario mínimo interprofesional	4,150	1,052	,613	3,944	,011
Paro rexistrado	,184	,069	,413	2,655	0,45

Táboa 3. Análise da protección social en España.

A estimación indica que o salario mínimo e o paro explican un 96% (R cadrado de 0,96) do gasto en protección social en España. O nivel de significación do salario

mínimo é de 0,011, mentres que o paro rexistrado é de 0,045. Por tanto, as variables son relevantes. Tanto ao aumentar o salario mínimo como ao aumentar o paro, acrécentase o gasto en protección social. No primeiro caso, polo incremento nun punto no salario mínimo, o gasto en protección social aumenta 4,15 puntos. No segundo, por unidade de crecemento do paro, o gasto en protección social ampliase en 0,184.

4. Conclusións

Atendendo á conxuntura económica actual, e dado que o crecemento do PIB en España non só se estancou, senón que se atopa en termos negativos, urxe activar o mercado; isto é, o desenvolvemento da economía é un factor de vital importancia para saír da actual situación de insustentabilidade financeira, mercantil e social. Tal como vimos neste traballo, a situación do PIB per cápita inflúe nos niveis de pobreza e, asemade, a pobreza relaciónase con outros factores como o emprego e a desigualdade.

No tocante ao problema do emprego, este require moita máis atención e unha nova reforma laboral que se centre nos traballadores e non nas empresas. Acabar co emprego precario e xerar postos estables é indispensable para as condicións de vida da poboación melloraren. A figura do/a traballador/a pobre nacida nesta época de estancamento produtivo debe desaparecer, pois non se pode permitir que nun país desenvolvido os niveis de pobreza afecten incluso a aquelas persoas que traballan e perciben un salario.

Por outra banda, aínda que tamén con relación á situación da economía, o Goberno español debe traballar para que os salarios mínimos interprofesionais volvan medrar de acordo coas subas do índice de prezos de consumo (IPC), co fin de evitar a perda de capacidade adquisitiva dos traballadores. Así mesmo, pois isto non é suficiente, a capacidade de compra perdida durante a crise debe ser recuperada. Unha poboación con rendas medias máis altas é fundamental para activar a economía a través do consumo. A espectacular caída desta última macromagnitude debe facer reflexionar sobre difícil que resultaría saír desta situación sen un aumento do gasto dos fogares.

Noutra orde de cousas, a pobreza debe ser abarcada desde unha perspectiva diferente á usada até agora. As novas formas de pobreza requiren novos métodos para loitar contra ela. Os plans nacionais contra a droga ou os programas de inclusión dos xitanos, por citarmos algúns exemplos, son meras fachadas que cobren unha parte mínima das persoas en risco de pobreza e exclusión social. Pensar que só os colectivos marxinais se atopan nesta situación é cerrar os ollos ante unha realidade catastrófica.

As clases medias están desaparecendo conforme os niveis de renda se achegan preto do limiar de pobreza, mentres as grandes riquezas españolas se manteñen ou, aínda peor, continúan a aumentar.

A pobreza en España veu acompañada duns niveis históricos de desigualdade. A desigualdade é un feito ante o que cómpre actuar aínda que non forme parte dos obxectivos directos da Estratexia Europa 2020. Se de verdade estamos a buscar o crecemento inclusivo, non podemos permitir que a fenda entre ricos e pobres continúe a agrandarse. Para isto, o Estado debe facer que o sistema tributario posibilite acadar unha redistribución dos recursos xusta, máis equitativa e que, en definitiva, comporte unha final mellora do benestar social.

Canto ao gasto en protección social, ao noso entender, as políticas deben partir sempre do obxectivo primario de loitar contra a pobreza e incentivar a economía, de xeito que non se estanque o gasto nas devanditas materias, tal e como aconteceu nestes anos de crise económica e social. A pesar da difícil situación en que se encontran as finanzas públicas, é agora precisamente cando a protección da cidadanía resulta indispensable e debe ser máxima; xa que logo, o gasto en protección social non pode aumentar nunha correlación tan pequena co paro, pola contra, a mellora da protección social tería que estar en consonancia co aumento do desemprego; que non fose así xa implicou unha gran perda de capacidade adquisitiva.

En conclusión, o gasto en protección social é un factor que pode axudar a reequilibrar a economía e as finanzas públicas, e o presuposto do Estado deberá adaptarse tendo en conta esta realidade. Por outra parte, o sistema de prestacións non debe ser a única meta prioritaria. Outras iniciativas de tipo social poden axudar a mellorar as condicións de vida dos cidadáns e a que estes desenvolvan as súa potencialidades para saír dunha situación de crise por si mesmos. O asistencialismo pode paliar temporalmente unha situación, mais non xera as ferramentas precisas para acabar con ela.

Neste ámbito, a Estratexia Europa 2020 estableceu un marco de actuación xeral cuns obxectivos moi nobres, mais malia a vontade da Comisión Europea (2011, 2014b) de facer un seguimento real para que os obxectivos se cumpran, se continuamos nesta dirección acontecerá o mesmo que coa Estratexia de Lisboa para o ano 2010: quedará en papel mollado. Por este motivo, as esixencias deben ser maiores e, en particular, o obxectivo quinto de loita contra a pobreza debe cobrar un maior protagonismo. O crecemento inclusivo non vai atinxirse con reformas laborais que abaraten o despedimento, aumenten a idade de xubilación ou acrecenten os impostos indirectos;

só se conseguirá con axudas aos fogares máis necesitados, con programas de redistribución da renda e cunha equidade máis profunda e global.

España debe centrar os seus intereses e obxectivos en seguir as recomendacións de Europa sen afastarse da principal función do Estado: protexer a súa cidadanía. Tal e como afirma o Premio Nobel de Economía Amartya Sen, a democracia non queda na representación política, senón que implica a protección dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o acceso destes ás prestacións sociais e o seu dereito á información e á participación activa nas decisións públicas.

Referencias bibliográficas

CES (1996) [en liña] *Informe 8/96 sobre pobreza y exclusión social en España*. Dispoñible no enderezo web <<http://www.ces.es/documents/10180/18510/inf00896>>.

COMISIÓN EUROPEA (2014a) [en liña] «Objetivos Europa 2020». Dispoñible no enderezo web <http://ec.europa.eu/europe2020/europe-2020-in-a-nutshell/targets/index_es.htm>.

COMISIÓN EUROPEA (2014b) [en liña] «Programa nacional de reformas. Reino de España». Dispoñible no enderezo web <<http://tinyurl.com/z2jp53l>>.

COMISIÓN EUROPEA (2011) [en liña] «EU Recommendations for Spain – 2011-2014». Dispoñible no enderezo web <<http://tinyurl.com/jo42oaa>>.

FERNÁNDEZ GARCÍA, T. (2012) «El Estado de bienestar frente a la crisis política, económica y social» *Revista de Trabajo Social*, volume extraordinario 12, pp. 3-12.

FONSECA, F. (2010) «Una respuesta duradera para una crisis global: la iniciativa UE 2020» *Boletín Económico de ICE* 2989, pp. 23-28.

FRESNO GARCÍA, J. M. (2011) «La Estrategia 2020, ¿unos objetivos inalcanzables en un contexto adverso?» *Revista Crítica* 975, pp. 54-59.

FUNDACIÓN FOESSA/CÁRITAS (2013) [en liña] «Análisis y perspectivas 2013. Desigualdad y derechos sociales». Dispoñible no enderezo web <<http://www.caritas.es/imagesrepository/CapitulosPublicaciones/4551/Desigualdad%20y%20derechos%20sociales.%20Versi%C3%B3n%20digital.pdf>>.

INTERMÓN OXFAM (2012) [en liña] «Crisis, desigualdad y pobreza: aprendizajes desde el mundo en desarrollo ante los recortes sociales en España». Dispoñible no enderezo web <http://www.oxfamintermon.org/sites/default/files/documentos/files/Informe_IO_Crisis_desigualdad_y_pobreza_300113.pdf>.

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE (2013) *Plan Nacional de Acción para la Inclusión Social*. Madrid, Estilo Estugraf Impresores.

SEN, A. (1992) «Sobre conceptos y medidas de pobreza» *Comercio Exterior* 42(4).

SUBIRATS, J. (dir.) (2004) *Pobreza y exclusión social: un análisis de la realidad española y europea*. Barcelona, Fundación La Caixa.

VÉLAZ DE MEDRANO, C. (2002) *Intervención educativa y orientadora para la inclusión social de menores en riesgo*. Madrid, UNED.

VV. AA. (2014) *Qué hacemos contra la pobreza*. Madrid, Ediciones Akal.

WILKINSON, R. W. e PICKETT, K. (2009) *Desigualdad: un análisis de la infelicidad colectiva*. Reino Unido, Allen Lane.

Fontes de datos

EUROSTAT: <<http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page/portal/eurostat/home>>

INE: <<http://www.ine.es>>